


A CAIXA DOS
Sorrisos

LIBROS PARA LER,
RIR E APRENDER


COMO NOS GUSTA VIAXAR POR AIRE, POR TERRA OU MAR!

CARMEN GIL
DEBUXOS MARINA SEOANE




cumio

O **barco**, no mar remoto,
vai veloz coma unha moto
e busca unha illa deserta...
papagaio na cuberta
e algunha que outra rata.
É que é un barco pirata!



A bruxa en **bicicleta**
vai con maleta violeta,
un morcego viaxeiro
sobre a ala do sombreiro
e un gato no guiador
que miaña con pavor.



Adoro viaxar en **tren**.
Sempre o paso súper ben!
Vou de vagón en vagón
e divírtome un montón.
Esta serpe moito mola
desde a cabeza ata a cola.

